

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. En castelán "tutear", e en galego:

- A) Titear
- B) Atiar
- C) Atuar
- D) Tutiar

2. En canto ao xénero dos seguintes substantivos, identifique a secuencia correcta:

- A) o legume, a sinal, a sangue, o arte
- B) o legume, o sinal, o sangue, a arte
- C) a legume, a sinal, a sangue, o arte
- D) a legume, o sinal, o sangue, a arte

3. Identifique a serie coa ortografía correcta:

- A) conduta, respecto, diccionario, estrutura
- B) conducta, respecto, diccionario, estructura
- C) conduta, respeto, diccionario, estructura
- D) conducta, respeto, diccionario, estrutura

4. Sinale a serie correcta:

- A) Bacharelato. Romería. Dibuxar. Epiderme
- B) Bachirelato. Romaría. Debuxar. Epidermes
- C) Bachirelato. Romería. Dibuxar. Epidermis
- D) Bacharelato. Romaría. Debuxar. Epiderme

5. Escolla a serie de sinónimos correspondente ao verbo feder:

- A) abafar, gafar, apestar
- B) alcatrear, recender, cheirar
- C) abafar, gafar, arrecender
- D) recender, alcatrear, apestar

6. Sinale cal non é sinónimo de "artimaña":

- A) estrataxema
- B) argucia
- C) artista feminina
- D) maña

7. Persoa que dirixe un negocio bancario ou que se dedica a operacións bancarias:

- A) banqueiro
- B) bancario
- C) banceiro
- D) bancal

8. Primeira luz do día:

- A) Amanexo
- B) Amainado
- C) Amanecer
- D) Anoitada

9. O significado da palabra “monllos” é:

- A) Ferramentas agrícolas
- B) Animal da familia dos bóvidos
- C) Brazados de vides, trigo, herba seca, etc. atados
- D) Verzas para o gando

10. Galicia, A Coruña e Santiago de Compostela son:

- A) Antropónimos
- B) Topónimos
- C) Hidrónimos
- D) Xentilicios

Preguntas de reserva

1. Sinale o significado da palabra “marfalleiro”:

- A) que fai mal as cousas, sen orde, con precipitación e mesturando todo
- B) que contén materia ósea dura e compacta de cor branca, da que está composta a parte máis resistente dos dentes dos mamíferos
- C) mar moi axitado, que pode facer perigosa a navegación
- D) espazo en branco que se deixa ao lado dereito ou esquerdo, ou a ambos, dunha folla

2. Preparado natural ou químico, líquido e de sabor agradable que se toma como medicina:

- A) sirope
- B) xarope
- C) xarabe
- D) xarelo